

# INVESTIDURA INÉS REY 2023

Moi bo día

Excelentísimas e Ilustrísimas Autoridades  
Concelleiros e concelleiras da corporación  
Traballadores e traballadoras desta casa  
Coruñeses, coruñesas

Vivimos nunha cidade moi especial. Ao longo do tempo A Coruña construíu unha personalidade tan singular como aberta, tan marcada como cosmopolita.

Non somos só un lugar, senón tamén un carácter e unha forma de mirar o mundo, sen complexos.

**Para entender esta cidade hai que partir do seu orgullo. Recuperalo e coidalo foi un dos obxectivos que me marquei en 2019, cando nun acto coma este recibía o bastón da alcaldía.**

Catro anos despois, podo dicir que **A Coruña sabe que conta cunha alcaldesa que asume e cre no principal reto que temos por diante: o de seguir facendo unha cidade ao nivel do orgullo que os coruñeses e as coruñesas senten por ela.**

O amor propio dos e das coruñesas edificouse non mirándonos a nós mesmos, senón **proxectándonos cara fóra, sabéndonos vangarda.**

Estamos obrigados a que así siga sendo, é o que nos corresponde dada a nosa condición, case única, de cidade que navega en mar aberto; que non é ningunha periferia senón centro do planeta desde tempos antigos. Iso forxou o noso carácter. Xa hai século e medio, un dos cantores máis queridos polos coruñeses e coruñesas, Curros Enríquez, definiunos como “cidade que sobre os mares ergue a cabeza altiva”. Así é, esta Cabeza do Reino non naceu para baixala e non o fará agora.

Vivimos momentos complexos, nos que algúns, por desgraza, traballan para asentar unha idea: o medo ao porvir. Pero ese non é o noso carácter, tampouco a nosa misión. Por iso, quero que esta sesión de investidura sirva tamén para enviar unha mensaxe moi clara: **A Coruña é horizonte, A Coruña ama o futuro.** Corresponder a esa idea ilustrará a nosa liña de traballo os próximos catro anos.

A cidade apostou pola estabilidade e concedeu a esta alcaldesa a posibilidade de seguir á fronte do Concello outro mandato. Agradézollo. Por moitas razóns. Permítanme determe nunha delas, para min moi significativa.

**A Coruña decidiu que o goberno da primeira muller que acadou a alcaldía en democracia non fose fugaz. Unha cidade que na súa historia ten como referencia a moitísimas mulleres volveu afirmar con forza que a metade de poboación somos protagonistas porque queremos e sabemos liderar.**

Como poden apreciar, no propio teito deste Salón de Plenos están escritos os nomes de catro coruñesas que simbolizan o mellor desta cidade. Son María Pita, Concepción Arenal, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. Elas, e outras moitas, acompañáronme cando hai catro anos rachaba un teito de cristal tomando o bastón como primeira muller alcaldesa da democracia.

Non podo ocultarlles que detrás dese vidro superado había máis obstáculos. Detrás dese teito de cristal había algúns muros de formigón. Pequenas loitas diarias, invisibles e silenciosas a ollos e oídos de moitos que, teño a convicción, que todas as mulleres que hoxe me acompañan nesta corporación, comprenderán.

Hoxe volvo ser alcaldesa. Hoxe volvo a romper cun teito sendo a primeira muller alcaldesa en revalidar o cargo na historia da cidade. E o fago dende a honra que supón para min, como coruñesa, liderar esta, miña cidade. Dende a responsabilidade que supón a toma de decisións. Dende a convicción de saber que goberno pensando en cada un dos coruñeses e coruñesas. E sobre todo, dende o orgullo de facelo como unha muller

libre. Facendo xustiza a todas as pioneiras que un día soñaron con mudar a historia que aínda hoxe, séculos despois, estamos a cambiar.

Contaba Joana Bonet que as derradeiras notas por escrito que deixou a miña añorada Carme Chacón antes de falecer de forma inesperada foron estas: “Las mujeres no tememos al cambio. De hecho, ya somos el mayor agente de cambio en el mundo que se enfrenta a las barreras tradicionales”.

Citei a Carme Chacón nesta mesma sesión hai catro anos e volvo facelo hoxe. Ela, como tantas outras -que na Coruña son decenas- é unha desas figuras referentes dese feminismo no que creo. O seu legado seguirá guiando as nosas políticas de Igualdade nestes catro anos, sempre desde o feminismo. **O feminismo do sentido común, o que ten como suxeito ás Mulleres, o que fuxe de parcelas e de dividirnos a nós mesmas, o que combate a violencia de xénero e a fenda salarial, o que defende os servizos públicos, o que visibiliza e busca referentes.**

O feminismo que non sitúa a igualdade no centro do debate, senón no centro das políticas. Porque ese é compromiso que asumo, o de seguir gobernando dende o diálogo e a amabilidade para todos. Pero tamén para todas.

**Asumo este segundo mandato rearfirmándome en ser a alcaldesa de todos e todas as coruñesas, votasen o que votasen. Os coruñeses e coruñesas seguirán atopando en min alguén que quere o mellor para a súa cidade. Unha alcaldesa que non fai diferencias entre coruñeses de primeira ou de segunda. Porque creo firmemente que ese non é o camiño. Aquí estamos para mellorar a vida dos cidadáns, na súa totalidade, pensen o que pensen e votasen o que votasen.**

Os coruñeses e coruñesas volveron a apostar por unha cámara plural, e progresista.

E tamén valoraron a seriedade e a coherencia á hora de facer política, valores que premiaron por riba doutras consideracións. Estou segura que esta nova corporación que hoxe toma posesión entende a mensaxe. É tempo de acordos, outra vez. Continúa totalmente vixente o que lles dixen aquí en 2019. **Este será outro mandato do diálogo e da amabilidade.**

**Humildemente, creo que acertamos ao plantexar a política municipal nesas coordenadas,** polo tanto, non nos moveremos un centímetro delas. Pero sí podemos engadir máis conceptos. A simplificación política desta cámara pode e debe **axilizar os nosos mecanismos de acordo,** e permitir así que **ao mandato do diálogo e a amabilidade** podamos sumarlle aínda máis cercanía.

A Coruña sabe, e así o demostrou nas urnas, que abrimos as portas de María Pita, que mantivemos sempre viva a conversa social, pero é o meu desexo crecer máis nese aspecto. **A proximidade é o gran valor do municipalismo. Imos entregarnos a ela.**

**E a cercanía na Coruña chámase barrios.** Sempre o souben como cidadá e sempre o tiven en conta como alcaldesa no meu primeiro mandato. Neste sentido, chamo a potenciar ese impulso. É nos barrios onde reside a identidade desta cidade.

Aquí todos e todas temos un nome común, A Coruña, pero tamén apelidos; A Coruña da Agra; A Coruña do Castrillón; A Coruña de Monte Alto; A Coruña de Feáns; A Coruña de Labañou; A Coruña de Riazor; A Coruña de Novo Mesoiro, A Coruña dos Mallos; A Coruña do Ventorrillo, A Coruña de Xuxán ou a miña Coruña de Santa Margarita. E as outras que quedan por citar. Como ben dixeron os e as que hoxe forman parte da maioría popular que se fai explícita aquí: todas as Coruñas.

Os barrios da cidade saben que apostamos por eles nos últimos catro anos. Desbloqueamos cuestións que levaban paralizadas moito tempo. E agora imos a por máis.



Hai corenta anos comezou, da man do progresismo, a primeira gran modernización da Coruña, a que dotou de centros cívicos, bibliotecas, museos científicos ou espazos verdes e de lecer a cidade, a que nos devolveu o papel de progreso e nivel internacional que reside no noso ADN.

Hoxe, aquí, nesta solemne sesión no Palacio de María Pita, podemos afirmar que **é o momento da segunda gran modernización da cidade.**

Esta segunda gran modernización, que comezamos no anterior mandato e que consolidaremos no presente, conta con **catro eixes** fundamentais:

No primeiro, centrado na **Economía e o Desenvolvemento sostible**, continuaremos a aposta pola Cidade das TIC e a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, sempre da man da Universidade e as empresas, coa meta de reter a atraer talento, e ser unha referencia internacional das novas tecnoloxías.

Buscaremos un pacto polo emprego, cun ollo posto na mocidade, e potenciaremos o comercio local e os mercados municipais, con reformas xa encamiñadas como a de Monte Alto ou a de Santa Lucía.

Así mesmo, protexeremos o medio ambiente, proponendo un cinto verde para a urbe, e **seguiremos humanizando e peonalizando os barrios, para que teñan como centro as persoas.** E ao crecemento exponencial de BiciCoruña engadiremos un **gran salto adiante no transporte público,** con novas liñas e máis sostible.

No segundo eixe, tal e como obriga a vocación deste goberno, atenderemos á **protección social.** Será o noso empeño a loita pola igualdade, onde seguiremos marcando récords de investimento. Así mesmo, **atenderemos un dos principais retos da nosa cidade, a pesar de non ter competencia directa, dándolle un pulo especial á Vivenda,** como tamén faremos cos servizos públicos, apostando pola elaboración dun plan de inclusión social e de saúde mental.

En terceiro lugar, atenderemos á **promoción da cidade, ao noso patrimonio, á cultura e o deporte**. Ao crecemento nos Museos Científicos e Bibliotecas sumaremos a **creación da marca Coruña Cultura**, que nos afianzará de novo na vangarda, atendendo ao tecido local, fomentando a súa participación a través do Consello da Cultura e apostando á vez por grandes eventos internacionais ou unhas potentes festas nos barrios. Por suposto, a lingua e cultura galega seguirán contando cunha excepcional protección, tal e como o demanda a propia cidade, como ocorrerá con eses símbolos nosos que son o Entroido ou o San Xoán. Tamén, nesa liña, apostaremos polo Turismo de calidade e o desenvolvemento europeo de Alvedro. E apostaremos polo deporte mediante un plan director das infraestruturas municipais.

O cuarto eixe refírese á **Gobernanza** e a interacción con outras administracións. E nese eido, entre outras cousas, defenderemos a vocación metropolitana da cidade impulsando a lei da área metropolitana.

**E asumiremos o gran desafío do futuro da Coruña: a fachada marítima.** Trátase dun asunto de enorme magnitude, que temos que enfrontar en común, con diálogo e reflexión, sen populismos nin intereses de parte. Así o farei como alcaldesa, sempre en base a dous puntos: **a creación dun ente consorciado que desenvolva os espazos portuarios liberados e a apertura dos peiraos para a cidadanía cun uso público.** O pasado mandato demos pasos históricos nese sentido, como a celebración de eventos culturais de primeira orde ou a construción do enlace ferroviario a Langosteira. Non nos imos deter.

**E estas políticas, as que sosterrán a segunda gran modernización da cidade, necesitan un marco, un paraugas capaz de reunirnos a todos e todas detrás dos obxectivos comúns. Ese será o Coruñesismo do Século XXI.** A forte e aberta identidade da cidade marcará o camiño. Este **Coruñesismo 2030** asenta no presente e proxecta cara o futuro a ambición que late nas nosas rúas e barrios, un espírito histórico do que nos sentimos orgullosos heredeiros e lexítimos actualizadores.

O coruñesismo 2030 quiere propulsar á nosa urbe cara novas cotas de crecemento e benestar e aspira a encadrar o orgullo desta cidade. Da cidade que fomos e a que somos. Da **Coruña sempre disposta a empaparse das ideas máis avanzadas, tamén capaz de crealas e lideralas, como nolo permite o noso potente ecosistema veciñal, empresarial, social e cultural.** Aí se erixe este coruñesismo do século XXI, que xa está en marcha, cos intereses propios como prioridade, pero sempre coa mirada no horizonte, sen fronteiras.

O proxecto de cidade que defendemos responde ás necesidades e desexos actuais cun ollo posto nos alicerces que nos definen. Polo tanto, **recolle a nosa gran tradición liberal. A modernidade en Galicia naceu na Coruña. A iso contribuíu tamén á nosa referencialidade en España e na Europa atlántica. Imos potenciala.** Somos unha cidade-faro, que sempre se puxo do lado do progreso, unha característica irrenunciable.

Deste xeito, **o coruñesismo 2030 traslada a hoxe o progresismo case natural desta cidade, entendido desde a pluralidade.** Foi ese pulo, desde hai séculos, o que nos levou ao máis alto, o que nos converteu en cidade modernista, a que á tradición liberal sumou en diversas etapas o libertario, o social ou o republicano, sempre desde un punto de visto solidario, tolerante e, por suposto, gozoso e festivo. Coidaremos esas memorias, sen deixar de apuntar cara o que está por diante.

**O coruñesismo do século XXI quere ser unha referencia municipalista en toda España. E, claro está, o coruñesismo que hoxe defendemos tamén é fundamento galeguista.** Así o indica a nosa historia e o noso presente de liderado. **Galicia como concepto liberal e progresista existiu na Coruña antes que en ningún outro sitio.** A tradición intelectual desta cidade foi a encargada de dotar de sentido o país que estaba por escribir. Citei antes a Curros ou Rosalía, podería engadir moitos máis, como Manuel Murguía ou Lugo Freire, pioneiro á hora de establecer a íntima relación de coruñesismo e galeguismo. Ambos deben ir da man.

A bandeira de Galicia naceu aquí. Este mesmo palacio municipal foi o primeiro edificio institucional en facela ondear, igual que este salón de Plenos foi o primeiro en acoller un discurso en galego en sede oficial.

Con todo, máis alá destes fitos ou doutros relatos políticos, **o coruñesismo 2030** quere, ante todo, **nutrirse do galeguismo da normalidade**, o desas persoas que son Coruñeses de Toda a Vida aínda que naceran na Costa da Morte ou en Lugo, ese **coruñesismo galeguista de barrio, retranqueiro, da xente, en definitiva, o que con brillantez nos ensinou o queridísimo Don Arsenio Iglesias Pardo, que tanto segue iluminando a nosa forma de ser e estar no mundo.**

O coruñesismo do século XXI cre na España democrática, e por suposto, xa o dixemos, en Galicia. Somos o seu motor. E a nosa intención non é reabrir vellas feridas, mais si exercer o noso liderado como capital económica, social e cultural.

**Poñemos a disposición de Galicia o noso modelo de progreso, pero a cambio esiximos que a Xunta nos trate como corresponde. O futuro deste país xa o estamos escribindo nas grandes cidades. O goberno autonómico debe ser sensible á nosa condición. Como saben e quedou demostrado o pasado mandato, esta alcaldesa defende e participa sempre do diálogo institucional, pero faino desde a firmeza na defensa dos intereses da Coruña. A man sempre estará tendida, pero coa esixencia de que esta cidade merece mellor trato, de que precisa que se aposte por ela ao igual que nós apostamos por Galicia.**

**No coruñesismo 2030 cabemos todos e todas os que queremos, amamos e entendemos A Coruña. Apela á cidadanía, ás nosas empresas, aos traballadores, ao asociacionismo, ao músculo cultural e deportivo e por suposto aos funcionarios deste Concello sen os que sería imposible desenvolver o noso proxecto e dos que quero destacar, porque a puiden comprobar de primeira man, especialmente durante a pandemia, a súa vocación inquebrantable de servizo público.**



E, tamén, por suposto, o coruñesismo 2030 integra ás tres sensibilidades políticas que agora formamos esta Corporación. Comezando pola miña, **a socialista, a que creo que mellor entendeu sempre a cidade e na que aplicamos con acerto os valores sociais e de progreso que nos caracterizan.** Imos continuar nesa senda.

Mais hoxe, a miña investidura conta, ademais, co **apoio do nacionalismo galego de esquerdas.** Vaia desde aquí o meu agradecemento, desde a profunda convicción de que a alianza tradicional que, desde as diferenzas, entablamos **socialdemócratas e nacionalistas seguirá a dar grandes froitos á nosa sociedade.**

Por último, tamén quero expresar aquí a miña certeza de que **o grupo que lidera o oposición saberá facela desde a lealdade cos acordos que beneficien á Coruña; así entre todos edificaremos unha política de materiais nobres, nos que en min atoparán sempre unha ponte.** Por diante, imos poñer a cidade. E as persoas.

Hoxe volvo ser alcaldesa. Grazas ó apoio dos coruñeses e coruñesas que co seu voto voltan confiar nunha maioría progresista para que A Coruña avance. Mais tamén son alcaldesa grazas e nunha parte fundamental ó apoio, soporte, respaldo e confianza da miña familia.

Nun día tan especial como o de hoxe non podo evitar facer, igual que hai catro anos, una mención ós meus avós, segundos pais e nais, que agardo se sintan orgullosos de min alá onde estean.

Aos meus pais, papá, mamá, por ter reunido antes a física que a cuántica para estar hoxe aquí e a quenes debo tanto e debo todo. Dende o enorme cariño e respecto a esta cidade, ata a vocación de loitar e facer un mundo máis xusto, máis igual, máis solidario. Primeiro como avogada, grazas ó seu esforzo, e hoxe dende a honra de facelo tamén como alcaldesa.

A Jorge. O meu compañeiro de vida e soporte vital indispensable. Por todos os “sís” cando teño dúbidas, por axudarme a repensar aquilo que precisa calma, por manterme anclada ó chan nos tempos de incerteza, por lembrarme cando chego a casa exhausta que queda moito por facer, non sexa que me distraia da tarefa.

E por suposto ós meus fillos, Roque e Helena. O verdadeiro motor de todo. Perdón polas noites sen conto, polos 10 minutos tarde, polas ausencias involuntarias, por eses eternos 58 días separados pandémicamente. E grazas por esa madurez prematura que fixo da comprensión a base de todo. Polos bicos e abrazos despois de cada desculpa. Por loitar tantas noites contra o sono para poder desexarnos “boas noites”. Quérovos infinito. Quérovos moitísimo.

Porque querer esta cidade é querer aos coruñeses e coruñesas. A eles nos debemos. A ela pertencemos, con todo o que iso significa. Poucos logros existen máis estimulantes que o de poder ser a alcaldesa da Coruña.

E o mesmo podo dicir dos concelleiros e concelleiras cos que hoxe comezamos un novo mandato municipal. **Estou segura de que todos e todas seremos dignos desta orgullosa responsabilidade, que pasará momentos duros, pero con obxectivos que merecen moito a nosa dedicación.** Escribiu Almudena Grandes que “no existe trabajo, ni esfuerzo, ni culpa, ni problemas, ni pleitos, ni siquiera errores, que no merezca la pena afrontar cuando la meta, al fin, es la alegría”. Así é.

Temos nas mans o benestar da Coruña. **Cumpriremos se estamos á altura desta marabillosa cidade.** Así que permítanme rematar esta intervención parafraseando á máis notable da infinita nómina de grandes coruñesas, a María Mayor Fernández de Cámara e Pita: **“Esta cidade ten honra, sigámola”**.

Moitas grazas.